



CONCELLO DE CARRAL  
Concellería de Comercio

## XIV FESTA DO PAN DE CARRAL 2016 BASES DE PARTICIPACIÓN FEIRA MEDIEVAL

1. A feira celebrarase o **14-15 de maio**.
2. Organizada polo Excmo **Concello de Carral** en colaboración coa **Asociación de Panadeiros de Carral**
3. O número de teléfono de contacto é o **650470266 981613520**
4. Poderán presentar as solicitudes para participar na feira artesans e paradas gastronómicas. Hai que entregar ficha de solicitude de participación e declaración responsable segundo modelo. O **prazo de solicitude é ata o 9 de maio**. Os artesans deberán enviar fotos do posto, mercancía e vestimenta. Non se permitirá outro produto distinto do que se faga constar.
5. No caso de paradas gastronómicas debese enviar a fotocopia compulsada do rexistro de sanidade.
6. As paradas que teñan taller ou demostración teñen que faclo constar na solicitude
7. A **decoración e iluminación** do posto e a **vestimenta é a cargo do artesán** axustándose á época medieval e pódense usar plásticos exclusivamente en caso de choiva.
8. Soamente se pode acercar o vehículo ao campo da feira para carga e descarga do material. **De non ser así o material e a parada terán que transportarse a pé para evitar atascos.**
9. A comisión creará unha **tarxeta de identificación** para cada posto sendo obrigatorio poñela a exposición do público.
10. A organización non se responsabiliza das perdas, danos e roubos de paradas e produtos expostos nas mesmas.
11. Ningún posto pode cambiarse do lugar asignado pola organización excepto co seu consentimento.
12. O **horario de apertura** das paradas será de 10.00 a 00.00 horas da noite. O primeiro día ábrese a Feira a partir das 11.00h.
13. O **prezo dos postos** de artesanía é de 40€ para os que midan ata 3 metros de largo e os que pasen desta medida será de 60€. As paradas gastronómicas deberán abonar 60€ a maiores.
14. As tabernas teñen que reunir as mesmas condicións de medieval que o resto de postos e deberán abonar 50€/m<sup>2</sup> a maiores do anterior punto. Non se permite a venda de cubatas nin utilización de cristal.
15. A **selección dos postos** farase tendo en conta que o artesano teña a carta de artesano e da orde de solicitude de participación na feira.
16. O artesán terá que abonar unha **tasa de participación**. Ingresará o 100% do pago da cuota que corresponda **unha vez sea notificada a súa asistencia** para garantir a súa participación. Este pago farase **antes do 11 de maio no número de conta da asociación de panadeiros: ABANCA ES19-2080-3106-3130-4001-1187 CONCEPTO FESTA PAN E NOME DO QUE SOLICITA**
17. O incumplimento de calquera punto destas bases suporá a expulsión inmediata da feira perdendo o importe realizado en concepto de taxa de participación.
18. O Concello de Carral non se fai responsable das posibles inspeccións e sancións impostas polo incumplimento do regulamento do exercicio da venda ambulante e non sedentaria.